



San Josemaría Escrivá

Fundador do Opus Dei

ORACIÓN

Oh Deus, que pola mediación da Santísima Virxe, concediches a San Josemaría, sacerdote, gracias sen número, escolléndoo como instrumento fidelísimo para funda-lo Opus Dei, camiño de santificación no traballo profesional e no cumprimento dos deberes cotiáns do cristián: fai que eu saiba tamén converter tódolos momentos e circunstancias da miña vida en ocasión de amarte, e de servir con lelicia e con sinxeleza á Igrexa, ó Romano Pontífice e máis ás almas, alumeando os vieiros da terra coa lumieira da fe e do amor.

Concédeme pola intercesión de San Josemaría o favor que che pido... (pídase). Así sexa.

Noso Pai, Avemaría, Gloria

"Alí onde están as vosas aspiracións, o voso traballo, os vosos amores, alí está o sitio do voso encontro cotián con Cristo. É no medio das cousas mais materiais da terra onde debemos santificarnos, servindo a Deus e a tódolos homes.

Na liña do horizonte, meus fillos, parecen xuntarse o ceo e maila terra. Pero non, onde de verdade se xuntan é nos vosos corazóns, cando vivides santamente a vida ordinaria"...

(San Josemaría Escrivá de Balaguer, da homilía *Amar ó mundo apaixonadamente*, 8-X-1967)

San Josemaría Escrivá naceu en Barbastro (España) o 9-I-1902. Foi ordenado sacerdote en Zaragoza o 28-III-1925. O 2-X-1928, por inspiración divina, fundou o Opus Dei. Finou repentinamente en Roma o 26-VI-1975 despois de mirar con inmenso cariño e por última vez unha imaxe da Virxe que presidía o seu cuarto de traballo. Nesa data o Opus Dei xa estaba estendido polos cinco continentes e contaba con mais de 60.000 membros de 80 nacionalidades, ó servizo da Igrexa, co mesmo espírito de plena unión ó Papa e ós Bispos que viviu sempre San Josemaría Escrivá. A Súa Santidade Xoán Paulo II canonizou ó Fundador do Opus Dei, en Roma, o 6-X-2002. A súa festa litúrxica celébrase o 26 de xuño.

O corpo de San Josemaría Escrivá repousa na Igrexa Prelaticia de Santa María da Paz, Viale Bruno Buozzi, 75, Roma.

Mais información sobre
San Josemaría Escrivá en:
www.josemariaescriva.info
www.opusdei.es

Rógase ós que obteñan grazas pola intercesión de San Josemaría Escrivá, que as comuniquen á Prelatura do Opus Dei. Oficina para as Causas dos Santos (rúa Diego de León, 14, 28006 Madrid).
e-mail: ocs@opusdei.es

Con licencia eclesiástica